

29, 30 de setembro e 1 de outubro

NO



Dirección: Pablo Larraín
Intérpretes: Gael García Bernal, Alfredo Castro.
Chile, 2012 - 120 min - (V.O. en castelán)
NRM 7 ANOS
Formato: 35 mm

* OSCAR 2012: NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA
* FESTIVAL DE CANNES 2012: PREMIO QUINCENA DE REALIZADORES Á MELLOR PELÍCULA
* FESTIVAL DE LA HABANA 2012: MELLOR PELÍCULA
* PREMIOS ARIEL 2012: NOMINADA Á MELLOR PELÍCULA IBEROAMERICANA

René Saavedra é un executivo de publicidade que regresa a Chile tras o seu exilio en México e deseña unha brillante e optimista campaña que propugna o "No" ao plebiscito chileno de 1988. O seu obxectivo é poñer fin á ditadura militar e derrocar a Augusto Pinochet.

Non é habitual atopar un punto tan xusto e equilibrado entre crónica política dunha época, seriedade e rigor no ton reivindicativo e graza xusta nos elementos de comedia, pero todo iso conflúe alegremente en 'No'. De estricísimo título, o novo de Pablo Larraín ten abundancia de enxeño e perspicacia no visual e no moral. A decisión de utilizar durante toda a película o tipo de imaxe e o formato cadrado que daba o incipiente vídeo que se utilizaba na época retratada, 1988, funciona moito máis alá da chiscadela ocorrente. A textura da imaxe, coas súas luces e cores distorsionadas, os seus perfís de invento en desenvolvemento, casan á perfección co espírito amateur, atrevido e arriscado da campaña que o publicista protagonista asume para intentar tombar a Pinochet no seu amañado plebiscito.

A mensaxe final sería a de "Se queres, podes", pero desposuída por completo da inocente confianza dos manuais de autoaxuda. Pablo Larraín prefere a arma da ironía que a das ondas emocionais, relativiza a eficacia do mal humor e a solidariedade pero defende o heroe anónimo de causas perdidas, coa urxencia e a viveza da mellor reportaxe. E cun excepcional Gael García Bernal.

Ricardo Aldarondol (Fotogramas **)**

HORARIOS: xoves 20.30 h; venres 20.30 e 23.00 h e sábado ás 17.30 e 20.30 h.

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, desempregados: 2,00 €)

SESIÓN DO ESPECTADOR: venres 23.00 e sábado 17.30 h. Prezo único: 1,50 €

ABONO 5 PELÍCULAS: 12,00 €

VENDA EN DESPACHO DE BILLETES: media hora antes de cada función (só se quedan entradas dispoñibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxería, de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, e sábados de 10.00 a 13.00 h

SALA FERNANDO REY

CINE CHILENO

8, 9 e 10 de setembro

LA DANZA DE LA REALIDAD



Dirección: Alejandro Jodorowsky
Intérpretes: Brontis Jodorowsky, Bastian Bodenhofer
Chile, Francia, 2013 - 131 min (V.O. en castelán)
NRM 16 ANOS
Formato: DVD

* FESTIVAL CANNES 2013: QUINCENA REALIZADORES - LONGAMETRAXE A CONCURSO
* FESTIVAL DE SITGES 2013: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAXES A CONCURSO
* PREMIOS FÉNIX 2014: 2 SELECCIONS, INCLUÍNDO MELLOR VESTIARIO
* PREMIOS PLATINO 2015: SELECCIONADA Á MELLOR MÚSICA ORIXINAL

Co estilo que o levou a ser unha das figuras máis recoñecidas do cinema fantástico, Alejandro Jodorowsky leva á pantalla os recordos da súa infancia no pequeno pobo de Tocopilla (Chile), onde a pesar das presións do seu rigoroso pai, un comunista recalcitrante, e a abnegación dunha nai amorosa pero débil, tivo que abrirse camiño no medio dunha sociedade que non sempre entendeu as súas orixes.

Jodorowsky é un idioma en si mesmo; unha linguaxe de gramática hiperbólica, sintaxe ilóxica e léxico fantasioso. Este sistema de significación (ou de ausencia de significación, quizais) había 23 anos que non establecía os seus mecanismos de comunicación a través do cinema. Tras a mascletá de demencia que foi 'Santo Sangre' e 'The Rainbow Thief', o chileno preferiu articular o seu moi único e moi desconcertante discurso a partir da literatura, o cómic, o tarot, a psico-terapia, as conferencias ou, ultimamente, Twitter. Así que a versión cinematográfica do libro de memorias 'La danza de la realidad' non pode ser un reencontro audiovisual máis feliz: xa só os seus dez minutos iniciais emanan máis chispazos de xenio e disparates que no 95 por cento de filmes de carteleira xuntos. Coma sempre nas obras de Jodorowsky, aquí non hai nin rastro de autocensura. Calquera idea pasa todos os filtros: dá o mesmo que se trate dun número circense, dun magnicidio inopinado ou dunha figura materna operística. A pesar da súa autocondena á irregularidade, 'La danza de la realidad' é algo así como o 'Amarcord' (Federico Fellini, 1973) de Jodorowsky: un ensaio-poético introspectivo e á vez expansivo sobre os recordos do período coming of age dun creador sen rendas.

Joan Pons (Fotogramas *)**

Xoves 8

Proxección inaugural de tempada

Entrada con convite

(Recolleranse no despacho de billetes do Fórum media hora antes da proxección)

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



15, 16 e 17 de setembro

BONSÁI



Dirección: Cristián Jiménez

Intérpretes: Diego Noguera, Natalia Galgani

Chile, 2011 - 97 min - (V.O. en castelán)

NRM 7 ANOS

Formato: 35 mm

* FESTIVAL DE CANNES 2011: SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO (SECCIÓN "UN CERTAIN REGARD")

Ao final da película, Emilia morre e Julio queda só. En realidade, Julio xa estaba só desde había anos, moito antes da morte de Emilia. Pero o que importa é que, ao final, Emilia morre e Julio permanece con vida. Julio vive e Emilia non. O resto non é máis que ficción.

De toda a vida, o cinema mostrounos os escritores como artistas inspirados, secos, bohemios, torturados, obsesionados co triunfo... pero en poucas ocasións os vímos da maneira en que nolo mostra esta película chilena: Julio, tras perder a ocasión de mecanografiar a novela dun escritor reputado, inventa a obra que este puidese facer e pasarlle. E a partir dos seus propios recordos sentimentais. É dicir: crea, coa súa biografía, un texto que podería deberse a outro.

Sucinto resumo dunha cinta que é unha homenaxe á suplantación e á ficción, ás historias, os relatos e os borradores, os bosquejos. E, unha vez máis, é tamén un eloxio da mentira como grande arte. Movéndose continuamente en dous tempos, o protagonista perderá, entre os pelos da espesa barba, a frescura, a inocencia e a espontaneidade de outrora, pero non as ganas de compañía feminina (musas?). Cousa que dá pé a varias escenas de sexo, non explícitas, pero si cargadas dunha rica sensualidade, secuencias douradas, asolladas coma o resto da cinta. E o bonsái do título? Descúbrano.

Pere Vall (Fotogramas *)**

22, 23 e 24 de setembro

GLORIA



Dirección: Sebastián Lelio

Intérpretes: Paulina García, Sergio Hernández

Chile, España, 2013 - 109 min - (V.O. en castelán)

NRM 16 ANOS

Formato: 35 mm

* FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2012: PREMIO CINEMA EN CONSTRUCCIÓN

* FESTIVAL DE BERLÍN 2013: MELLOR ATRIZ

* PREMIOS GOYA 2013: SELECCIONADA Á MELLOR PELÍCULA HISPANOAMERICANA

* PREMIOS ARIEL 2013: MELLOR PELÍCULA IBEROAMERICANA

* INDEPENDENT SPIRIT AWARDS 2013: SELECCIONADA Á MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA

* NATIONAL BOARD OF REVIEW (NBR) 2013: TOP PELÍCULAS ESTRANXEIRAS DO ANO

Gloria ten 58 anos e está soa na vida. Para compensar o baleiro, enche os seus días de actividades e polas noites busca o amor no mundo das festas para solteiros adultos, onde só consegue perderse nunha serie de aventuras sen sentido. Esta fráxil felicidade na que vive altérase cando coñece a Rodolfo, un home de 65 anos, recentemente separado, que se obsesiona con ela.

É fermoso ver como unha película se pon de parte do seu personaxe, como o aprecia por encima do que, na superficie, podería resultar humillante ou patético. Sebastián Lelio téndelle trampas á súa heroína cincuentona que se nega a renderse, que se levanta do lodo unha e outra vez. As trampas teñen un obxectivo: darlle a man, abrazala, aplaudir a súa falta de complexos á hora de vivir a súa sexualidade, celebrar a súa xenerosidade de espírito e os seus ímprobos esforzos por combater a soidade.

É un personaxe apetitoso, ao redor do cal xira un mundo fatal, e que a magnífica Paulina García interpreta coa dignidade desprexuciada dunha muller afeita a que lle pechen a porta nos fociños. Cada plano está dedicado a festexar a xustiza poética que a fará merecedora da famosa canción de Umberto Tozzi que funciona como perfecto himno da película.

Sergi Sánchez (Fotogramas ***)**